

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO. 30 DE XULLO DE 2015**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Silleda, o día 30 de xullo de 2015 ás 11:05 horas e baixo a Presidencia de D. Manuel Cuíña Fernández, Alcalde da Corporación, reúnen-se os señores concelleiros á marxe expresados, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada o día 27 de xullo de 2015.

Da fe do acto María Cacharro López, Secretaria da Corporación.

Ábrese a sesión polo Presidente e foron tratados os seguintes

**ASISTENTES**

**Alcalde**

D. Manuel Cuíña Fernández

**Concelleiros**

Dna. Ana Luisa González Costa

D. Klaus Brey Montaña

D. Jesús Taboada Lázara

Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Peón Iglesias

Dna M<sup>a</sup> José Fernández Rodríguez

D. José Luis Espiño Espantoso

Dna. Natalia Iglesias Méndez

D. Ignacio Maril Pardo

Dna M<sup>a</sup>del Carmen Folla González

D. Matías Rodríguez da Torre

**SECRETARIA**

María Cacharro López

**INTERVENTOR**

Manuel Quintáns Queiruga

**ASUNTOS**

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES**

Preséntanse para a súa aprobación as actas das seguintes sesións:

- Sesión constitutiva da Corporación, do 13 de xuño de 2015

- Sesión extraordinaria de organización, do 22 de xuño de 2015

- Sesión extraordinaria do 30 de xuño de 2015

Polo Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG, maniféstase que na acta do 22/06/2015, no punto relativo á creación dun posto para persoal eventual, desexa que quede claro que a súa oposición á existencia do mesmo débese ao uso partidario que se ten feito do mesmo no pasado. Solicita que, como parte integrante da acta, as grabacións das sesións se entreguen aos grupos.

Non producíndose máis intervencións, que quedan aprobadas as ditas actas, coa observación sinalada.

**SEGUNDO. DACIÓN DE CONTAS DE DECRETOS DE ALCALDÍA**

Dase conta das resolucións emitidas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, quedando a Corporación enteirada.

Polos representantes dos grupos na oposición faise constar que debido a problemas operativos que foron explicados desde a Secretaría, nesta ocasión non foi posible que se lles entregara copia das resolucións, o que imposibilita o cumprimento da súa función de control. Asemade, o Sr. Rodríguez da Torre suxire que a copia se lles faga chegar cunha maior frecuencia, por exemplo cada quince días. O Sr. Alcalde explica que non é por falta de vontade, senon pola dificultade legal de cubrir a baixa do persoal encargado destas tarefas, e que os cambios organizativos propostos analizaranse a partires de setembro.



**TERCEIRO. COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELEIRO DO GRUPO PSdG-PSOE, LUIS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ**

O Alcalde da lectura ao escrito presentado o 10/07/2015 (r.e. núm. 3209) polo concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, Luis Rodríguez Vázquez, no que comunica, por motivos laborais, a súa vontade de renunciar á acta de concelleiro desta Corporación.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da dita renuncia, debendo remitirse a mesma, xunto coa certificación desta toma de coñecemento, á Xunta Electoral Central para que expida a credencial á concelleira da mesma lista que debe substituílo.

**CUARTO. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS ÓRGANOS DA MANCOMUNIDADE TERRAS DO DEZA**

De conformidade co disposto polo artigo 1 dos Estatutos Reguladores da Mancomunidade Terras de Deza o Municipio de Silleda forma parte da devandita Mancomunidade Intermunicipal.

Considerando que, como membro integrante da citada Entidade, e de conformidade co disposto polo artigo 9 dos seus Estatutos, corresponde a este municipio designar 5 representantes municipais no Pleno da Mancomunidade, órgano superior de goberno da mesma.

Considerando que de conformidade co previsto no mencionado artigo, os Concellos mancomunados designarán ós seus representantes con carácter regrado de entre os seus membros corporativos por maioría simple na primeira sesión seguinte á súa constitución ou á comunicación de baixa de algún dos seus membros.

Considerando que, de conformidade co artigo 12 dos Estatutos, a Xunta de Goberno, como órgano de xestión ordinaria, intégrase polo seu Presidente e por un número de cinco vocais, que serán nomeados e cesados libremente polos Plenos dos respectivos Concellos, sendo un representante por cada Concello.

Considerando que, de conformidade co escrito remitido a este Concello polo Presidente en funcións da mancomunidade en data 19 de xuño de 2015, de xeito que non foi posible a súa consideración no pleno organizativo que tivo lugar o día 22, a distribución dos 5 representantes municipais no Pleno da Mancomunidade é a seguinte:

- 3 concelleiros do PSdG-PSOE
- 2 concelleiros do PP

Á vista dos escritos presentados polos representantes de ambos grupos municipais o 27/07/2015 e o 22/07/2015, respectivamente, o Pleno do Concello adopta, por unanimidade dos presentes, os seguintes acordos:

Primeiro. - Designar como representantes do Concello de Silleda no Pleno da Mancomunidade Terras do Deza aos seguintes concelleiros/as:

- Polo PSdG-PSOE: Manuel Cuiña Fernández, Klaus Brey Montaña e Jesús Taboada Lázara (suplentes: Ana Luisa González Costa e M<sup>a</sup> Pilar Peón Iglesias).
- Polo PP: José Luis Espiño Espantoso e Ignacio Maril Pardo (suplentes: Natalia Iglesias Méndez e M. Carmen Folla González)



- Segundo. - Nomear como representante do Concello na Xunta de Goberno da Mancomunidade ao Sr. Alcalde, Don Manuel Cuiña Fernández.
- Terceiro. - Comunicar este acordo á Mancomunidade Internunicipal de Terras de Deza, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

#### **QUINTO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014**

O Alcalde da conta do expediente tramitado para aprobar a Conta Xeral do exercicio 2015, xunto coa documentación anexa, formada pola Intervención segundo a lexislación vixente, e ditaminada pola Comisión Especial de Contas na sesión do 14/05/2015, sen que durante a exposición do documento ao público se presentaran reclamacións, reparos ou observacións.

O Sr. Espiño, voceiro do grupo do PP, bota en falta unha conta real, polo que non a apoiará.

O Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG, pregunta se xa se axustou a estimación inicial do patrimonio municipal e se xa se pagaron determinadas facturas pendentes.

O Sr. Alcalde explica que a crítica de que a conta non é real sería máis acaída respecto duns orzamentos, xa que a conta non é unha previsión, e ademais a fan os técnicos. No inventario estase a traballar e o tema das facturas xa se ten debatido suficientemente, e cando os técnicos lle dean o visto e praxe, pagaranse.

Sometido o asunto a votación, queda aprobado co voto a favor dos 6 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e a abstención dos 4 concelleiros do grupo municipal do PP e o concelleiro do BNG.

Por canto antecede, e de acordo co ditame da Comisión Especial de Contas do 14 de maio de 2015, ao abeiro das atribucións que ao Pleno do Concello confire o artigo 22.2.e da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLHL.

#### **SEXTO. DENOMINACIÓN DUNHA PRAZA EN BANDEIRA EN HOMENAXE PÓSTUMA A JUAN JOSÉ SALGUEIRO MONTOUTO**

O Alcalde da conta do escrito presentado polos representantes de diversas asociacións que, reunidos en Bandeira o 23/03/2015, acordaron rendir homenaxe ao recentemente falecido Juan José Salgueiro Montouto o vindeiro 5 de marzo, con ocasión do cabodeano, e propoñer ao Concello de Silleda o cambio de nome dunha praza pública da localidade de Bandeira, concretamente as do Entroido e da Feira, pasando a levar únicamente o nome "Praza Juan J. Salgueiro Montouto".

O Sr. Espiño, voceiro do grupo do PP, anuncia o voto a favor, non só por tratarse dun antigo integrante da súa formación política, senon porque foi tamén un bo alcalde para Silleda. Solicita que se consensúen os actos de homenaxe.



O Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG, comeza a súa intervención sinalando que o que dirá non obsta ao respecto e afecto á persoa a que se propón render homenaxe. Porén, considera que dada a antelación coa que se presentou a proposta das asociacións, o procedente tería sido reunir a Xunta de Voceiros para consensuar criterios, ao tempo que bota en falta máis precisión na xustificación da proposta. Ademais, lembra como no 2007 acordouse non mudar nomes de topónimos de tradición popular, e tamén como precisamente durante os mandatos da persoa homenaxeada estragáronse as carballeiras que agora lle queren dedicar. En definitiva, está de acordo en facerlle unha homenaxe, sempre e cando se constitúa unha comisión aberta a todo o mundo para determinar a forma máis axeitada.

O Sr. Alcalde explica que, precisamente polo tempo co que se conta, desbotou convocar unha Xunta de Voceiros, por ser preferible debater estas cuestións no Pleno, con luz e taquígrafos, e coa posibilidade de deixar o asunto sobre a mesa para abrir un debate entre todos, máis alá dos voceiros dos grupos, para poder decidir.

Queda, pois, o asunto sobre a mesa.

### **SÉTIMO. MOCIÓNS**

#### **1ª. PSdeG-PSOE: POR UNHA REGULACIÓN FAVORABLE ÁS FESTAS POPULARES**

A Sra. González Costa da lectura á moción presentada no rexistro do Concello o 27 de xullo de 2015 (r.e. núm. 3448).

Os voceiros dos grupos na oposición botan en falta unha maior precisión sobre as medidas concretas que se propón solicitar. Todos están de acordo en apoiar ao sector, pero para elo é necesario que quede claro, por exemplo, tal e como sinala o Sr. Rodríguez da Torre, que o que non se quere e que o tema se convirta nun pozo negro de evasión fiscal.

A Sra. González Costa aclara que o que debe considerarse na normativa é que a organización das nosas festas non corre a cargo de profesionais.

O Sr. Rodríguez da Torre sinala que entón debería ser o Concello o que colaborara cos veciños asesorándoos para que cumpran a normativa.

O Sr. Alcalde aclara que precisamente o que faltou na tramitación da normativa máis recente foi o diálogo previo co sector, e que isto si que se concreta na moción.

Sometida a moción a votación, resulta aprobada co voto a favor dos 6 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do concelleiro do BNG, absténdose os 4 concelleiros do grupo municipal do PP.

#### **2ª. BNG: EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO**

O Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG, explica á moción presentada no rexistro do Concello o 4 de xullo de 2015 (r.e. núm. 3096).

Todos os representantes dos grupos municipais manifestan o seu acordo, lembrando a súa participación na manifestación que tivo lugar en Santiago de Compostela recentemente.

Sometida, xa que logo, a moción a votación, resulta aprobada co voto a favor da unanimidade dos presentes.

#### **3ª. BNG: CESIÓN DUN LOCAL MUNICIPAL**

O Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG, explica a moción que presentou no rexistro do Concello o 23 de xullo de 2015 (r.e. núm. 3392).



O Sr. Espiño manifesta o seu apoio á moción, sempre e cando abranga a todos os grupos municipais, e non só ao peticionario.

O Sr. Alcalde sinala que cando se fagan os cambios previstos na Administración e concretamente nalgúns edificios municipais replantearase o tema dos locais, e tamén o das subvencións aos grupos políticos.

Sometida a moción a votación, resulta rexeitada polo voto en contra dos 6 concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, malia o voto a favor dos 4 concelleiros do grupo municipal do PP e o do concelleiro do BNG.

### **OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS**

Formúlanse, e o Sr. Alcalde queda enteirado e responde nesta mesma sesión, os rogos e preguntas en relación coas seguintes cuestións:

Sr. Espiño, voceiro do grupo municipal do PP:

1. Concurso de ideas entre arquitectos para dous edificios municipais.
2. Queixas das traballadoras subrogadas na empresa que ten encomendado o servizo de asistencia no fogar (SAF).
3. Supresión da achega da Deputación Provincial de Pontevedra para a Semana Verde de Galicia.

Sr. Rodríguez da Torre, concelleiro do BNG:

1. Decreto do 08/06/2015
2. Decreto sobre as bases da convocatoria para selección de socorristas
3. Decreto do 14/05/2015
4. Decreto do 20/05/2015
5. Que se invite aos procedementos de contratación a todas as empresas de Silleda do sector en cuestión, e non sempre ás mesmas
6. Non é suficiente coa subvención para dinamización lingüística: tamén necesítase normalización
7. Lousas soltas na piscina de Silleda e suciedade na de Bandeira
8. Limpeza do lixo que queda a descuberto cando outras Administracións desbrozan nas estradas da súa titularidade
9. Estado de tramitación do PXOM
10. Banco de libros
11. Que se poñan papeleiras na carballeira das Pedrosas
12. Razón de licitar o servizo do "casarón" a catro anos

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión ás 13:25 horas, do que, como Secretaria, dou fe.

V. e Pr.  
O Alcalde,



Manuel Cuiña Fernández

A Secretaria,



María Cacharro Lopez



*[Faint, illegible handwritten text]*